

Patrimonio vivo: Mestras e Mestres da Memoria

Unidade didáctica para Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) elaborada por

[Antonio Reigosa](#)

[<http://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/antonio-reigosa>]

Unha iniciativa da



A elaboración desta unidade didáctica e a súa subida á sección [Espazo Didáctico](http://www.aelg.gal/espazo-didactico) [http://www.aelg.gal/espazo-didactico] da [web da AELG](http://www.aelg.gal) [http://www.aelg.gal] foi posíbel grazas ao convenio de 2015 coa Deputación Provincial de Lugo.



DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

<http://www.v1deputacionlugo.org/cultura.php?idioma=gl>

Índice

1. Presentación
2. Obxectivos e metodoloxía
3. Quen transmite o Patrimonio Cultural inmaterial (PCI)?
4. Que son os *Tesouros Humanos Vivos*?
5. Concepto, características e ámbitos do PCI
6. A quen chamamos Mestras e Mestres da Memoria?
7. Mestra da Memoria: Manuela Cortizo
8. Mestre da Memoria: Ángel Rivas Veiga
9. Mestra da Memoria: Elba Requeijo Barro
10. Mestre da Memoria: Xavier Blanco
11. Mestra da Memoria: Josefa Arias Castelo
12. Mestre da Memoria: Emilio do Pando
13. Mestres e Mestras reunidos
14. Ficha para identificar Mestres ou Mestras da Memoria na túa contorna

1. Presentación

Esta unidade didáctica pretende ser de utilidade para complementar os contidos das unidades da materia de Lingua e Literatura que tratan a *oralidade na comunicación e como soporte de creación literaria*. Incide nas formas de expresión oral de uso máis común (narración, diálogo, entrevista...), no coñecemento da literatura oral e os seus principais xéneros (mito, lenda, conto, romance...) e a súa conexión coa literatura escrita ou culta.

En segundo lugar, queremos chamar a atención e singularizar as persoas da nosa comunidade, con nome e apelidos, aquí denominadas *Mestres e Mestras da Memoria*, que se expresan e comunican case en exclusiva de forma oral, e que teñen que facer uso desta facultade humana para transvasar desde a xeración anterior á posterior (e, de camiño, recrear e actualizar) historia, literatura e outros moitos coñecementos.

Os recursos que propoñemos son documentos de vídeo da sección *Mestras e Mestres da Memoria*, existentes no [Arquivo de literatura de tradición oral da AELG](#):

Sección de Literatura de Tradición oral

asociación de escritoras e escritores en lingua galega



ga es en

Polafias

A Coruña (A Coruña)
A Estrada (Pontevedra)
A Fonsagrada (Lugo)
A Guarda (Pontevedra)
Arteixo (A Coruña)
Cabana de Bergantiños (A Coruña)
Cabreiros-Xermade (Lugo)
Cerdedo (Pontevedra)
Cerqueda-Malpica de Bergantiños (A Coruña)
Ferreiravella-Riotorto (Lugo)
Figueirido-Vilaboa (Pontevedra)
Lugo (Lugo)
Lugo (Lugo)
Maceda (Ourense)
Merlán-Chantada (Lugo)
Moaña (Pontevedra)
Monleón (Lugo)
Narón-Frío (Lugo)
Neda (A Coruña)
O Couto-Pontevedra (A Coruña)
Pontedume (A Coruña)
San Cibrao-Cervo (Lugo)
Santaballa-Vilalba (Lugo)
Serra de Outes (A Coruña)
Tallo-Pontevedra (A Coruña)
Tor-Monforte de Lemos (Lugo)
Vilamartin de Valdeorras (Ourense)
Vilar de Santos (Ourense)
Xanceda-Mesia (A Coruña)
Xirarga-Beariz (Ourense)

Mestras e Mestres da memoria

Ángel Rivas Veiga
Elba Requejo Barro
Emilio do Pando
Josefa Arias Castelo
Manuela Cortizo Meda
Xavier Blanco

Últimas inclusións



Tallo-Pontevedra (A...)



Tallo-Pontevedra (A...)



A Estrada (Pontevedra)



A Estrada (Pontevedra)



A Estrada (Pontevedra)



A Estrada (Pontevedra)



A Estrada (Pontevedra)



A Estrada (Pontevedra)

Videos por xénero

- ▶ Adiviña (1 vídeo)
- ▶ Alalá (1 vídeo)
- ▶ Canción (7 vídeos)
- ▶ Canción infantil (1 vídeo)
- ▶ Cantar de ronda (2 vídeos)
- ▶ Canto acumulativo (1 vídeo)
- ▶ Canto de arrieiro (3 vídeos)
- ▶ Canto de Entroido (1 vídeo)
- ▶ Canto de Nadal (1 vídeo)
- ▶ Canto de Reis (1 vídeo)
- ▶ Canto de seitura (3 vídeos)
- ▶ Chistes e anécdotas de cregos (1 vídeo)
- ▶ Chotis (1 vídeo)
- ▶ Comparsa (1 vídeo)
- ▶ Completo (1 vídeo)
- ▶ Conto (87 vídeos)
- ▶ Conto colorado (12 vídeos)
- ▶ Conto de animais (2 vídeos)
- ▶ Conto de maxia (1 vídeo)
- ▶ Conto marabilloso (5 vídeos)
- ▶ Conto relixioso (1 vídeo)
- ▶ Conto: chistes, anécdotas (5 vídeos)
- ▶ Contos de mentiras (1 vídeo)
- ▶ Contos novelescos (2 vídeos)
- ▶ Copla (29 vídeos)
- ▶ Coplas de cego (1 vídeo)
- ▶ Coplas de Entroido (5 vídeos)
- ▶ Coplas e regueifas (1 vídeo)
- ▶ Ditos (1 vídeo)
- ▶ Entrevista (2 vídeos)
- ▶ Fiada (2 vídeos)
- ▶ Foliada (6 vídeos)
- ▶ Historia (13 vídeos)
- ▶ Historia oral (71 vídeos)
- ▶ Humor (1 vídeo)
- ▶ Ladaiña (1 vídeo)
- ▶ Lenda (47 vídeos)
- ▶ Lenda haxiográfica (1 vídeo)
- ▶ Maneo (3 vídeos)
- ▶ Mazurca (1 vídeo)
- ▶ Medicina popular (10 vídeos)
- ▶ Memoria oral (9 vídeos)
- ▶ Memorias (6 vídeos)
- ▶ Monólogo (1 vídeo)
- ▶ Muíñeira (37 vídeos)
- ▶ Muíñeira redonda (1 vídeo)
- ▶ Muíñeira-vals (1 vídeo)
- ▶ Música (25 vídeos)
- ▶ Parrafeo (4 vídeos)
- ▶ Pasodobre (18 vídeos)
- ▶ Pasodobre de cordel (1 vídeo)
- ▶ Peza musical (49 vídeos)
- ▶ Poesía (108 vídeos)
- ▶ Poesía popular (38 vídeos)
- ▶ Polca (1 vídeo)
- ▶ Recitado (2 vídeos)
- ▶ Refrán (2 vídeos)
- ▶ Regueifa (22 vídeos)
- ▶ Resposos, ensalmos e oracións (2 vídeos)
- ▶ Ribeirana (1 vídeo)
- ▶ Romance (49 vídeos)
- ▶ Romance de cego (1 vídeo)
- ▶ Rumba (3 vídeos)
- ▶ Sainete (3 vídeos)
- ▶ Sen especificar (39 vídeos)
- ▶ Sucédidos (19 vídeos)
- ▶ Teatro popular (1 vídeo)
- ▶ Toponimia (2 vídeos)
- ▶ Tralenguas (1 vídeo)
- ▶ Tras-tras (1 vídeo)
- ▶ Valse (3 vídeos)
- ▶ Vilancico (2 vídeos)
- ▶ Xota (24 vídeos)

NOVAS

Da memoria á rede

O asombroso éxito das polafias

PUBLICACIÓNS

- ▶ Actas da I Xornada de Literatura Oral: A figura do demo na literatura de tradición oral
- ▶ Actas da II Xornada de Literatura Oral: O mito que fascina. Do lobo ao lobisome
- ▶ Actas da III Xornada de Literatura Oral: Mitoloxía da morte. Agorios, ánimas e pantásmas
- ▶ Actas da IV Xornada de Literatura Oral: Lendas urbanas. Mitos e ritos dos tempos modernos
- ▶ Actas da V Xornada de Literatura Oral: Os mouros e as mouras: máximos enigmáticos da mitoloxía popular
- ▶ Actas da VI Xornada de Literatura Oral: Historias, mitos e monstros do Mar de Galicia
- ▶ Actas da VII Xornada de Literatura Oral: Amuletos e reliquias. Usos e creencias
- ▶ Actas da VIII Xornada de Literatura Oral: Sexo e Obsolescencia

LIGAZONS

- ▶ D1.-O mapa das Polafias
- ▶ 8 mares
- ▶ A Querida
- ▶ AELG
- ▶ Aíra das Mantas
- ▶ APOI
- ▶ Ardóbriga
- ▶ Asociación Cultural Antanas e Sorleiros
- ▶ Asociación Cultural e Pedagóxica PONTE. NAS ONDAS
- ▶ Asociación Cultural Monte Branco
- ▶ Colectivo Terra
- ▶ Concello de Moaña
- ▶ Coordinadora ENDL Redondela
- ▶ Galicia Encantada
- ▶ MariñaPatrimonio
- ▶ Memoria Media
- ▶ Museo Comarcal da Fonsagrada
- ▶ Museo da Limia
- ▶ Museo Etnográfico San Palo de Naría
- ▶ Museo Provincial do Mar
- ▶ Oral
- ▶ Os Abrentes de Cerdedo
- ▶ Os Chichis
- ▶ Pandreleiras de Barro de Aren
- ▶ Proxecto Socheo
- ▶ Ronsel
- ▶ Tino Baz



2. Obxectivos e metodoloxía

- Tomar conciencia da existencia dun sistema de comunicación oral, transmisor de lingua e cultura.
- Recoñecer e recoñecermonos nas formas culturais que se expresan oralmente.
- Interpretar, experimentar e representar a comunicación oral.
- Detectar as persoas da nosa contorna que posúen e transmiten eses saberes, e contribuír ao seu recoñecemento social.

Esta unidade didáctica está pensada para o traballo en grupo e para a práctica da comunicación oral. Recoméndase que cada aula, a criterio do profesorado, organice dous ou máis grupos, e que unha vez resoltas as cuestións que se propoñen, poñan en común e, no seu caso, discutan e debatan as respectivas conclusións.

Unha vez resoltas por cada grupo de traballo as cuestións que se propoñen e a detección de **Mestres ou Mestras da Memoria** na contorna, suxírese un debate xeral na aula sobre as singularidades do PCI da contorna.

3. Quen transmite o Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI)?

É ben sabido que unha gran parte dos coñecementos e as técnicas asociadas á música, danza, teatro, literatura de **tradición** oral e artesanía atópanse en perigo de desaparición. As causas son varias: diminúe o número de practicantes; falta de atención por parte das administracións públicas; e desinterese crecente da xente moza que, se cadra, só lle presta atención aos soportes audiovisuais que promoven o inmediato e, consecuentemente, unha atención feble e puntual apoiada na visión da imaxe.

Un dos medios máis eficaces para a salvagarda do patrimonio cultural **inmaterial** consiste precisamente en garantir que os depositarios e depositarias deste patrimonio poidan desenvolver esas técnicas e coñecementos para os transmitir ás xeracións máis novas.

Para acadar ese obxectivo convén identificar estes depositarios/as do patrimonio cultural inmaterial, e recoñecer os/as máis significados/as mediante unha distinción oficial que incite, primeiramente a eles e elas, mais tamén a toda a sociedade, a seguir desenvolvendo e transmitindo os coñecementos que adquiriron ao longo da súa vida.

Actividades

1. Enumerade tres causas polas que os coñecementos e as técnicas tradicionais poden chegar a esquecerse:
 - a)
 - b)
 - c)
2. Buscade no dicionario as palabras *tradición*, *inmaterial* e *patrimonio*, e despois elaborade un texto breve coas tres palabras e os seus significados.

4. Que son os *Tesouros Humanos Vivos*

A [UNESCO](https://gl.wikipedia.org/wiki/UNESCO) [https://gl.wikipedia.org/wiki/UNESCO] elaborou no ano 1994 unhas [directrices](#) (vid. anexo final) para instar os Estados Membros a crear un programa que denominou *Tesouros Humanos Vivos* e que tiña como obxectivo fomentar a creación de sistemas nacionais que outorgasen un recoñecemento oficial aos depositarios e executantes das tradicións dotados de gran talento, alentándoos a transmitir ás novas xeracións os seus coñecementos e técnicas relacionadas con elementos específicos do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI). Nese documento define os *Tesouros Humanos Vivos* como aqueles individuos que posúen en sumo grao os coñecementos e técnicas necesarias para interpretar ou recrear determinados elementos do patrimonio cultural inmaterial.

Para recoñecer unha persoa ou un grupo como Tesouro Humano Vivo, a UNESCO recomenda considerar os criterios ou requisitos seguintes: excelencia na aplicación dos coñecementos e as técnicas demostradas, plena dedicación, capacidade para seguir desenvolvendo os seus coñecementos e técnicas, e para transmitilos.

Actividades

1. Buscade o significado do acrónimo UNESCO e explicade brevemente a que se dedica este organismo internacional:

.....

.....

.....

2. Verdadeiro ou Falso: Un *Tesouro Humano Vivo* é:
 - a) Unha persoa, home ou muller, que destaca entre os demais membros da comunidade polo coñecementos e recreación do PCI (V) (F)
 - b) Unha persoa que posúe moitos bens e rendas (V) (F)
 - c) Un individuo, home ou muller, merecente de respecto e admiración (V) (F)
 - d) Unha persoa, home ou muller, moi enxiada (V) (F)
 - e) Unha persoa, home ou muller, que atopou un tesouro e vive moi ben a conta diso (V) (F)

5. Concepto, características e ámbitos do PCI

Na [Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial \(PCI\)](http://www.unesco.org/culture/ich/doc/src/00009-GL-PDF.pdf) [http://www.unesco.org/culture/ich/doc/src/00009-GL-PDF.pdf], aprobada pola UNESCO no ano 2003, dise que entre as súas finalidades está «o respecto do patrimonio cultural inmaterial das comunidades, grupos e individuos de que se trate.»

A Lei 10/2015 de 26 de maio para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, no seu artigo 2º di que terán a consideración de bens do patrimonio cultural inmaterial os usos, representacións, expresións, coñecementos e técnicas que as comunidades, os grupos e, nalgúns casos, os individuos, recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural e, en particular:

- a) **Tradicións e expresións orais**, incluídas as modalidades e particularidades lingüísticas como vehículo do patrimonio cultural inmaterial, así como a toponimia tradicional como instrumento para a concreción da denominación xeográfica dos territorios.
Narracións como lendas, contos, adiviñas, poemas, e, en xeral, historias expresadas oralmente.
- b) **Artes do espectáculo**. A creatividade humana expresada a través do teatro, pantomima, mascaradas ou outras formas de espectáculo con tradición na comunidade.
- c) **Usos sociais, rituais e actos festivos**. Abarca os ritos de culto, rituais de nacemento, bautismo, casamento e funerarios, cerimoniais estacionais e outros vinculados ás festas patronais ou do ciclo anual (Entroido, Maíos, Nadal...).
- d) **Coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo**. Os coñecementos, técnicas, prácticas e representacións desenvolvidas e perpetuadas pola comunidade na interacción coa súa contorna natural. Sabedoría ecolóxica tradicional, sistemas de curación tradicionais e a súa farmacopea, crenzas, ciencias esotéricas, ritos iniciáticos, adiviñacións, cosmoloxías, cosmogonías, feitizaría, ritos de posesión.
- e) **Técnicas artesanais tradicionais**. As técnicas de fabricación e os coñecementos necesarios para que non desapareza a produción artesanal de indumentarias e accesorios, xoias, instrumentos, ferramentas, obxectos, etc.
- f) **Gastronomía, elaboracións culinarias e alimentación**. Os usos alimentarios, as tradicións culinarias, receitairos e xantares especiais.
- g) **Aproveitamentos específicos das paisaxes naturais**. Conservación de espazos paisaxísticos singulares: bosques, lagos... Usos e representacións visuais.

- h) **Formas de socialización colectiva e organización.** Sistemas ou formas propias da comunidade para organizarse ou para celebrar festas e outros actos colectivos.
- i) **Manifestacións sonoras, música e danza tradicional.** Interpretación de danzas, cantos, coplas ou cancións, e de instrumentos musicais tradicionais.

No artigo 7 desta lei, referido ás medidas de carácter educativo dise que «*As administracións educativas e as universidades procurarán a inclusión do coñecemento e do respecto do patrimonio cultural inmaterial entre os contidos das súas ensinanzas respectivas e nos programas de formación permanente do profesorado da educación básica.*»

En Galicia está en trámite, na fase de anteproxecto, unha nova Lei do Patrimonio Cultural. No texto que se debate inclúese un título específico dedicado ao PCI, e propónse crear a figura de *Mestres* como aquelas persoas que se signifiquen pola súa especial contribución para a salvagarda do PCI e a transmisión dos seus valores á súa comunidade e á sociedade en xeral.

Na lei en vigor, do ano 1995, non se contemplaban medidas tan concretas, aínda que xa se menciona a necesidade da protección do PCI.

Actividades

1. Desta listaxe de actividades, cales considerades merecentes de formar parte dunha listaxe de honra do noso PCI?
 - a) Romaxe da Virxe do Corpiño (SI) (NON)
 - b) Lendas do Pico Sacro (SI) (NON)
 - c) Receita da torta do millo de Guitiriz (SI) (NON)
 - d) O Entroido de Laza (SI) (NON)
 - e) Modo de tocar a pandeireta en Barro de Arén (SI) (NON)
2. Localizade nun mapa de Galicia os lugares onde se realizan as actividades anteriores e indicade a que concellos e provincias galegas pertencen en cada caso:

	Concello	Provincia
Virxe do Corpiño		
Pico Sacro		
Guitiriz		
Laza		
Barro de Arén		

3. Primeiro elaborade unhas notas en papel e despois expoñede oralmente como se desenvolve unha festa ou celebración na que participaredes.
4. Verdadeiro ou Falso? Que existan leis que protexen o Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI), que significa?
 - a) Que a administración e os cidadáns temos a obriga de conservalo e respectalo (V) (F)
 - b) Que só os xuíces poden decidir que é PCI e que non.
 - c) Que o PCI é moi importante para a mantemento da transmisión cultural dunha comunidade (V) (F)
5. Relacionade a actividade co ámbito que lle corresponde:

a) Tradicións e expresións orais
b) Artes do espectáculo
c) Usos sociais, rituais e actos festivos
d) Coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo
e) Técnicas artesanais tradicionais
f) Gastronomía, elaboracións culinarias e alimentación
g) Aproveitamentos específicos das paisaxes naturais
h) Formas de socialización colectiva e organización
i) Manifestacións sonoras, música e danza tradicional

1. Descrición dunha cerimonia da voda
2. Contar a lenda da moura do castro
3. Receita das filloas
4. Representación dunha farsa de Entroido
5. Uso da planta chamada celidonia para curar as verrugas
6. Como se forma a comisión que organiza as festas patronais
7. Descrición da maneira de facer unha zoca
8. Cantar un romance
9. Mantemento do bosque autóctono

6. A quen chamamos Mestras e Mestres da Memoria?

Adiantándose á nova Lei do Patrimonio Cultural de Galicia, en fase de anteproxecto, a asemblea xeral da [Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega](http://www.aelg.gal) [http://www.aelg.gal] a proposta da Sección de Literatura de Tradición Oral, acordou crear en 2013 os *Premios Mestras e Mestres da Memoria* [http://www.aelg.gal/actividades/mestras-es-da-memoria] co obxectivo de recoñecer publicamente, seguindo as directrices da Unesco, a aquelas persoas que dan vida e futuro ao PCI.

Trátase de significar e apoiar persoas que atesouran e transmiten, ademais de contribuír á súa salvagarda, valores culturais relevantes para as comunidades das que forman parte.

O recoñecemento consiste na entrega en acto público dun diploma acreditativo, así como na difusión dos méritos que honran ao Mestre ou Mestra a través dos medios de comunicación. Ademais, dentro do arquivo da sección de Literatura Oral da AELG creouse un espazo específico para amosar en vídeo as capacidades destas persoas.

Botádelle un ollo a este [arquivo](http://www.aelg.gal/Polafias/) [http://www.aelg.gal/Polafias/]

Para o seu recoñecemento téñense en conta características como a creatividade, o arraigo, o carácter representativo e o risco de desaparición da tradición da que é portadora esa persoa.

Por tanto, son recoñecidas como Mestras e Mestres da Memoria as persoas que acadan un grao de excelencia narrando historias (contos, lendas...), que cantan, bailan e/ou interpretan temas musicais tradicionais, que coñecen e interpretan usos relacionados coa natureza ou co universo (curandeiros/as, menciñeiros/as...), que coñecen e fan uso de técnicas artesanais tradicionais, e, en definitiva, aqueles e aquelas que amosaron ao longo da súa vida interese por coñecer, usar e transmitir saberes herdados do pasado.

A AELG recoñeceu como Mestres e Mestras da Memoria en 2013 a Manuela Cortizo Medal e Ángel Rivas Veiga; en 2014 a Elba Requeijo Barro e Xavier Blanco, e en 2015 a Josefa Arias Castelo e Emilio do Pando. Ímolos coñecer, pero antes:

Actividades

1. Buscade no dicionario as palabras *Mestre* e *Memoria*, e elaborade unha frase breve mesturando os seus significados:


.....
.....

2. Si ou Non? As persoas que desempeñan estes oficios, capacidades ou ocupacións en grao de excelencia poderían ser recoñecidos como Mestra ou Mestra da Memoria?

- a) Xardineiro/a (SI) (NON)
- b) Fabricante de gaitas (SI) (NON)
- c) Narrador/a de lendas (SI) (NON)
- d) Garda de tráfico (SI) (NON)
- e) Compostor/a de ósos (SI) (NON)
- f) Profesor/a de inglés (SI) (NON)

3. Onde poderemos atopar Mestres ou Mestras da Memoria? Só entre residentes no medio rural? Só entre residentes no medio urbano? En ambos medios? Razoade a resposta.

7. Mestra da Memoria: Manuela Cortizo



Manuela Cortizo é unha biblioteca humana que garda centos de coplas e romances tradicionais. Ademais cántaos moi ben. Sabe e transmite, coa súa voz prodixiosa, como aprendeu das súas tías, as Marianas, cando -xa de rapaza- alindaba as ovellas polos montes de Cerdedo (Pontevedra). Foi promotora de agrupacións e diversas actividades para dar continuidade e visibilidade á cultura herdada que ela tan ben sabe transmitir.

Primeiro, le a síntese biográfica que che ofrecemos no arquivo da AELG e logo, se hai exemplares na biblioteca do centro, podes completar a información sobre a súa vida e o seu saber consultando algún

destes libros: *Cantares de Manuela de Barro*, de Calros Solla, e *Cantareira de Barro de Arén. Manuela Cortizo Medal*, de Xosé Luís Foxo.

Sección de Literatura de Tradición oral

asociación de escritoras e escritores en lingua galega

Polafias

- A Coruña (A Coruña)
- A Estrada (Pontevedra)
- A Fonsagrada (Lugo)
- A Guarda (Pontevedra)
- Arteixo (A Coruña)
- Cabana de Bergantiños (A Coruña)
- Cabreiros-Xermade (Lugo)
- Cerdedo (Pontevedra)
- Cerqueda-Malpica de Bergantiños (A Coruña)
- Ferreiravella-Riotorto (Lugo)
- Figueirido-Vilaboa (Pontevedra)
- Lugo (Lugo)
- Lugo (Lugo)
- Maceda (Ourense)
- Merlán-Chantada (Lugo)
- Moaña (Pontevedra)
- Mondoñedo (Lugo)

Mestra da memoria

Manuela Cortizo Medal
Cerdedo, 1930

Datos biográficos:

Manuela Cortizo Medal, Manuela das Marianas, naceu o 13 de xullo de 1930 en Cerdedo (Pontevedra). De pequena trasladouse ao lugar de Barro de Arén, no mesmo concello, onde reside desde entón. Ali casou con José Álvarez Sieiro, criou dúas fillas, Sinda e Ana, e dedicouse aos labores do campo.

Da súa tía, Mariana Cortizo Lorenzo, aprendeu os primeiros cantos, que coa súa prodixiosa voz pronto lle deron renome e prestixio en toda a comarca. Foi fundadora e compoñente do grupo "Pandereteiras do Barro de Arén", coas que gravou un CD, participou en programas de radio e televisión, e foi entrevistada por numerosos investigadores do folclore popular galego, cuxo resultado se pode comprobar en libros como *Cantares de Manuela de Barro*, de Calros Solla, e *Cantareira de Barro de Arén. Manuela Cortizo Medal*, de Xosé Luís Foxo.

O seu repertorio como cantareira é moi amplo: cantos de ronda, de berce, Reis, Nadal..., cantares de oficios (de arrieiros, alfareiros...), parrafeos, romances (históricos, de cego...), coplas de todo tipo, interpretadas con ou sen acompañamento da pandeireta.

Manuela é unha muller alegre, de voz potente e transparente. Poucas veces tropezamos nas nosas camiñadas polo país con persoas tan sensíbles e amantes da cultura tradicional, tan preocupadas pola recreación e difusión dos cantos e das músicas populares. Grada na súa memoria milleiros de pezas para cantar, pero tamén contos e lendas ou historias da súa querida Terra de Cerdedo.

Por todos estes méritos o concello de Cerdedo concedeulle a Medalla de Ouro, o concello de Forcarei a Medalla "Gaitero de Soutelo". Conta co Diploma da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense, e co Diploma "Mestra da Memoria", concedido pola AELG (Asociación de Escritoras en Lingua Galega) o ano 2013.

[Antonio Reigosa]

Vexa [aquí](#) o fondo videográfico coas participacións de Manuela Cortizo no Proxecto Polafias.

[...]

<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=6>

Actividades

1. Localizade nun mapa de Galicia o lugar chamado Barro de Arén. Indicade a que parroquia, concello, comarca e provincia pertence.
2. Escoitade a historia de "O tecelán de Carballás":

O tecelán de Carballás

Polafía: [Cerdedo \(Pontevedra\)](#)

Lugar: Antiga Cámara Agraria

Data: 1 de decembro de 2007

Informante/Intérprete: [Manuela Cortizo](#)

Idade no momento da gravación: 77 anos

Xénero: [Lenda](#)



<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=32>

Descróbide tres capacidades extraordinarias do Tecelán de Carballás:

- a).....
- b).....
- c).....

3. Escoitade o romance titulado "Santa Helena":

Santa Helena

Polafía: [Cerdedo \(Pontevedra\)](#)

Lugar: Antiga Cámara Agraria

Data: 1 de decembro de 2007

Informante/Intérprete: [Manuela Cortizo](#)

Idade no momento da gravación: 77 anos

Xénero: [Romance](#)

Clasificación tipolóxica: Romance clásico. Cántiga narrativa novelada histórica



<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=26>

Como vedes, mentres Manuela canta, Guillermo Ignacio Costa faille o acompañamento coa zanfona, o que nos lembra as maneiras de transmisión tradicionais destes romances.

Buscade información sobre as características principais (métrica, rima) dos romances e resúmeas aquí:

.....

.....

.....

.....

Entretédevos uns minutos buscando información en internet sobre este romance, e facede unha relación dos lugares da península e do mundo onde atopastes versións moi parecidas ao romance que canta Manuela:

.....

.....

.....

.....

Volvede escoitar ou lede a transcripción do romance. Dicide agora que personaxes interveñen, quen dialoga e con quen, e explicade en poucas liñas o que sucede:

.....

.....

.....

.....

7. Mestre da Memoria: Ángel Rivas Veiga



Fotografía de Valeria Gentile

Ángel Rivas Veiga foi un gran narrador de contos. Un home calmoso, de falar pausado, que marcaba os tempos, ás veces prolongados, da narración.

Lede a síntese biográfica e fixádevos na información referida a como e cando aprendeu os contos que sabe, nos traballos que desenvolveu ao longo da súa vida, e pensade como esas historias puideron circular de boca en boca, dun lado a outro, desde América a Galicia, de aquí a Castela, ou desde o obradoiro dun panadeiro do concello da Pontenova (Lugo) ata os faladoiros ou polavilas das aldeas dos arredores.

Sección de Literatura de Tradición oral

Polafias

- A Coruña (A Coruña)
- A Estrada (Pontevedra)
- A Fonsagrada (Lugo)
- A Guarda (Pontevedra)
- Arteixo (A Coruña)
- Cabana de Bergantiños (A Coruña)
- Cabreiros-Xermade (Lugo)
- Cerdado (Pontevedra)
- Cerqueda-Malpica de Bergantiños (A Coruña)
- Ferreiravella-Riotorto (Lugo)
- Figueirido-Vilaboia (Pontevedra)
- Lugo (Lugo)
- Lugo (Lugo)
- Maceda (Ourense)
- Merlán-Chantada (Lugo)
- Moaña (Pontevedra)
- Mondoñedo (Lugo)
- Narla-Friol (Lugo)
- Neda (A Coruña)
- O Couto-Ponteceso (A Coruña)
- Pontedeume (A Coruña)
- San Cibrao-Cervo (Lugo)
- Santaballa-Vilaiba (Lugo)

asociación de escritoras e escritores en lingua galega

ga es en

Mestre da memoria

Ángel Rivas Veiga
Eirexúa, Xudán (A Pontenova-Lugo), 1924

Datos biográficos:

Ángel Rivas Veiga naceu no medio doutros cinco irmáns o 1 de novembro de 1924 no lugar de Eirexúa, parroquia de Xudán, concello da Pontenova (Lugo). Aquí naceu e aquí residiu ata que casou e se trasladou a Orxás, en Pousada, concello da Pastoriza, que é onde viviu na compañía da súa muller, pasando o tempo entre o coidado dun horto primoroso e as excursións programadas para os da súa idade. E o 8 de febreiro de 2016 despediuse un home único, cuxo espírito vaga xa na soidade intanxible do cemiterio da súa parroquia natal.

A Ángel coñecémolo en 1996, cando os do Equipo Chaira andabamos cos traballos de campo para o Inventario de contos e lendas e outras manifestacións da literatura de tradición oral do concello da Pontenova. Recibíunos na súa casa de Eirexúa unha tarde de outono, convidounos a sentar arredor da cocina de ferro, e aos poucos xa estaba engaiolándonos coa súa sabedoría. Haseño comezou a narrar uns fermosísimos contos que aprendera cando mozo, escoitados duns e doutros, sobre todo do seu pai, nas polavilas que se facían entón nas casas da aldea para mellor pasar as noites de inverno. Aqueles contos que os estudosos da materia chaman maravillosos ou ordinarios coma "O Castelo de Irás e Non Volverás", "O fardelo e a manta", "O ferreiro e o demo", "A gaita máxica"... e outros moitos que despois publicamos no libro *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (Lugo, 1998). Logo, estudando de vagar aquel tesouro literario, descubrimos que as versións dalgúns son únicas e as doutros constitúen unha aportación notable entre as que se recompilaban en Galicia e en toda a Península. Aquel día, e outros despois que nos reunimos con el, tivemos a sorte de coñecer un mestre humilde, de gozar do saber dun exemplo vivo de narrador oral que aprendera o oficio, sen querer, escoitando aos vellos contadores da súa aldea.

A vida, a longa e saudosa vida de Ángel Rivas, deulle para ir vinte veráns seguidos segar a Castela, sempre á mesma casa, primeiro como mozo e logo como maior. Traballou en mil e unha obras, na construción de estradas e no campo, e ata quixo ser frautista e gaiteiro, pero non acabaron de entenderse instrumento e instrumentista.

Como narrador oral, Ángel Rivas, foi un mestre de voz rexa e pausada, dominador dos rexistros e das reiteracións inherentes á comunicación oral. Escóitalo era ter o privilexio de recuar aos tempos nos que a literatura só circulaba escrita coa boca e lida cos oídos.

Ángel, aínda que só momentaneamente, chegou a vivir do conto. Nunha das xerais laborais traballou ao servizo dun panadeiro e houbo ocasións en que o patrón lle encargou ir contar contos ao seu fillo pequeno, doente no leito. Mágoa que non lle durase aquela ocupación; as calores de a carón do forno non lle sentaban e tivo que mudar de oficio. O que máis perdeu no cambio foi o fillo do panadeiro.

A UNESCO na Convención para a Salvagarda do Patrimonio Inmaterial (outubro de 2003) acordou instar aos estados membros á creación de sistemas nacionais para a identificación e o recoñecemento dos

Actividades

1. Buscade no dicionario as palabras "polavila" e "maioral", e explicade brevemente que relación teñen coa biografía de Ángel Rivas Veiga:

.....
.....
.....
.....

2. escoitade o conto "Manta en Roma":

Manta en Roma

Mestre: Ángel Rivas Veiga

Xénero: Conto



<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=610>

Como puidestes comprobar, trátase dun conto longo, dos chamados marabillosos porque neles son protagonistas obxectos máxicos e seres sobrenaturais. En poucas ocasións temos a posibilidade escoitar contos coma este.

- a) Busca no dicionario o significado destas palabras: *sino*, *partillas* e *corná*.

.....
.....
.....
.....

- b) Identificade os dous personaxes principais desta historia e describídeos brevemente:

.....
.....
.....

- c) Identifícase catro obxectos máxicos deste conto e explica brevemente para que se utilizan:

.....

.....

.....

.....

.....

3. Proba para nota: nun momento dado da narración, soa unha bucina do coche dun repartidor/a de ...

8. Mestra da Memoria: Elba Requeijo Barro



Elena (Elba) Requeijo sorpréndenos pola capacidade que ten para memorizar historias. Romances, coplas, contos, pero tamén sucedidos, responsos, ensalmos e oracións fannos pensar nunha muller co oído sempre disposto á escoita, relatos que despois ela ten que organizar e fixar mentalmente. É probable, e lóxico, que fose esquecendo algunha desas historias (se cadra, para facer sitio a outras na cabeza) pero hai un amplo repertorio do que nunca se esquece. Coñecémola en 1992 e desde entón, cada vez

que a ocasión o pide, recrea unha e outra vez un repertorio moi parecido.

Sección de Literatura de Tradición oral

asociación de escritoras e escritores en lingua galega

ga es en

Polafias

- A Coruña (A Coruña)
- A Estrada (Pontevedra)
- A Fonsagrada (Lugo)
- A Guarda (Pontevedra)
- Arteixo (A Coruña)
- Cabana de Bergantiños (A Coruña)
- Cabreiros-Xermade (Lugo)
- Cerdedo (Pontevedra)
- Cerqueda-Malpica de Bergantiños (A Coruña)
- Ferreiravella-Riotorto (Lugo)
- Figueirido-Vilaboa (Pontevedra)
- Lugo (Lugo)
- Lugo (Lugo)
- Maceda (Ourense)
- Merlán-Chantada (Lugo)
- Moaña (Pontevedra)
- Mondofredo (Lugo)
- Narria-Friol (Lugo)
- Neda (A Coruña)
- O Couto-Ponteceso (A Coruña)
- Pontedeume (A Coruña)
- San Cibrao-Cervo (Lugo)
- Santaballa-Vilalba (Lugo)
- Serra de Outes (A Coruña)
- Tallo-Ponteceso (A Coruña)
- Tor-Monforte de Lemos (Lugo)

Mestra da memoria



Elba Requeijo Barro
Arca, Montouto (Abadín-Lugo), 1943

Datos biográficos:

Elena Requeijo Barro (Elba Requeijo), naceu en Arca, Montouto, en 1943. Criouse onde agora vive, no lugar das Basiliás, na parroquia de Labrada, concello de Abadín. Alí medrou entre os traballos propios do medio, da idade e do sexo, e os xogos con xoguetes de fabricación propia. Aprendeu na escola básica, a que ensina a ler e a escribir, e as catro regras, e tamén aprendeu outras moitas cousas imprescindibles para sobrevivir: os nomes das árbores e das plantas, os dos animais, os dos penedos, fontes, camiños e leiras, os das ferramentas e os dos labores que se fan con elas, e tamén aprendeu unha lingua para falar, contar e cantar: a lingua nai. Casou e tivo fillos que agora lle van achegando netos; fillos e netos que van e veñen...

Coñecémola en 1992 cando os do Equipo Chaira andabamos cos traballos de campo para a realización dun inventario de literatura de tradición oral do concello de Abadín. Petamos á súa porta na procura de Aurora, a súa sogra, sabedores de que dominaba un amplo rexistro de coplas e cántigas, como así foi, pero ninguén nos avisara de que naquela casa tamén vivía outra persoa que atesouraba inmensas riquezas na súa memoria. Aquel mesmo día gravámoste romances, parrafeos, contos..., e volvemnos outros días, e outros... O resultado está publicado no libro *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (O. Camero, X. R. Cuba, A. Reigosa e M. Salvador, 2004) ao que Elba aporta tres contos "Ben pode ser", "O fillo do cura" e un interesantísimo "Como naceron os lobos" que esconde, en realidade, un mito. Tamén nos recitou tres versións dos coñecidos romances "Xermeiro", "Albaniña" e "O conde Alarcos", parrafeos e romances de cego como "Os paraqueros", "Tres casamentos nun día", "As catorce mentiras", "Cuarta feira", "Boas tardes, rapaciña", unha panxoliña e numerosas coplas do cancionero popular.

Anos máis adiante, no 2007, Elba Requeijo participou en dúas sesións (Serra de Outes e Mondofredo) do proxecto da Asociación de Escritoras en Lingua Galega (AELG) denominado *Polafias*, reunións ou veladas de carácter festivo con contidos literarios e musicais que pretenden rescatar do esquecemento e poñer en valor o valioso patrimonio oral, literario e musical galego. Tamén participou na revista oral "Tesouros vivos", promovida pola Asociación Cultural e Pedagóxica "Ponte nas Ondas" que tivo lugar no Museo Verbum de Vigo o 5 de xuño de 2009, na 3ª edición da revista oral "O pazo das musas", 29 de setembro de 2005, editada polo Museo de Lugo, un número especial dedicado a divulgar e apoiar a candidatura para o recoñecemento por parte da UNESCO da Tradición Oral Galego-Portuguesa como *Obra Mestra do Patrimonio Oral e Intanxible da Humanidade*.

Máis recentemente participou no curso "As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. Reescrituras actuais do conto popular" organizado pola USC e colaborou no proxecto da AELG que leva por título "Mestres da memoria", unha mostra representativa dos saberes dos máis vellos para divulgálos a través de Internet como modelos de excelencia da literatura de tradición oral galega aínda viva.

Elba Requeijo recrea o que lle escoitou aos vellos, especialmente a un dos seus avós, e tamén o que leu nas "historias" que lle emprestaban ou que mercaba na feira de Gontán. Sempre gustou de memorizar os textos e logo recitalos coa maior fidelidade posible o que a converte nunha transmisora fiable e única; Elba é un Tesouro Humano Vivo.

[Antonio Reigosa]
Gravación: 2 de xullo de 2010.

<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=1>

Actividades

1. Situada nun mapa de Galicia o lugar das Basilias, que pertence á parroquia de Labrada, no concello de Abadín (Lugo):

.....

2. Escoitade o romance "Tres casamentos nun día":

Tres casamentos nun día

Mestra: [Elba Requeijo Barro](#)

Xénero: [Romance](#)



<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=302>

Trátase dun romance popular de ton humorístico, dos chamados *de cego* por seren escritos para que os cantasen os cegos polas feiras. Ademais, acostumaban vendelos os propios cegos impresos en follas de cor que se chamaban *historias*. Nesas follas, mercadas na feira de Gontán, no mesmo concello de Abadín, Elba leu e aprendeu de memoria este e outros moitos romances.

- a) Buscade no dicionario o significado destas palabras: *galopín*, *torombelo*, *danza*:

.....
.....
.....
.....

- b) Neste romance interveñen varios personaxes, cada un máis ridículo ca o outro. Describide as situacións que se van sucedendo e que provocan chanza:

.....
.....
.....

3. Escoitade o conto "As catorce mentiras":

As catorce mentiras

Mestra: Elba Requeijo Barro

Xénero: Conto



<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=311>

- a) Escoitade a narración do conto "As catorce mentiras" e subliñade, se as atopades, esas catorce alburgadas:

- | | |
|--------|----------|
| 1..... | 8 |
| 2..... | 9..... |
| 3..... | 10 |
| 4..... | 11 |
| 5..... | 12..... |
| 6..... | 13..... |
| 7..... | 14 |

4. Proba para nota: Recitade o conto "As catorce mentiras" en voz alta. Se vos equivocades, volve de empezar.

9. Mestre da Memoria: Xavier Blanco



Xavier Blanco é, con moita diferenza, o máis novo dos mestres e mestras dos que falamos nesta unidade didáctica. É intérprete de música tradicional, investigador e lutier, preocupado por recuperar os denominados *instrumentos pobres*. Ademais é autor de libros, grava discos, imparte aulas na Escola Municipal de Instrumentos Tradicionais de Moaña, e rexenta un museo, complementario da escola, onde se amosan ducias de instrumentos populares.

Sección de Literatura de Tradición oral

Polafias

A Coruña (A Coruña)
A Estrada (Pontevedra)
A Fonsagrada (Lugo)
A Guarda (Pontevedra)
Arteixo (A Coruña)
Cabana de Bergantiños (A Coruña)
Cabreiros-Xermade (Lugo)
Cerdedo (Pontevedra)
Cerqueda-Malpica de Bergantiños (A Coruña)
Ferreiravella-Riotorto (Lugo)
Figueirido-Vilaboa (Pontevedra)
Lugo (Lugo)
Lugo (Lugo)
Maceda (Ourense)
Merlán-Chantada (Lugo)

asociación de escritoras e escritores en lingua galega

ga es en

Mestre da memoria

Xavier Blanco
Moaña, 1966

Datos biográficos:
Xavier Blanco, da estirpe dos Soledás, naceu e reside en Moaña, onde desenvolve o seu traballo profesional na Escola Municipal de Música Tradicional do concello de Moaña. Nel reúnen, como sucede en moitos outros casos, a capacidade e o interese para recompilar, recrear, divulgar, interpretar e representar a través de obradoiros didácticos para os máis novos a nosa tradición musical, cualidades que o convirten nun transmisor fiel e nun mestre excepcional.
Como artesán preocúpase por estudar as vellas técnicas para construír ou restaurar instrumentos, para conservalos e interpretar con eles músicas de raíz.
Como froito dos seus traballos e estudos atesouro un importantísimo arquivo de pezas, instrumentos e melodías populares. Colabora no proxecto Polafias da AELG, participando nas de Vilamartín de Valdeorras, Merlán (Chantada), Ferreira Vella (Riotorto), Cabreiros (Xermade) e na de Moaña, na que ademais foi coorganizador.
É autor de numerosos traballos, entre eles os discos "A gaita de cana de Moaña", "Instrumentos pobres" e "Gaitas troncais", e de publicacións de carácter didáctico como "Toques, asubios e cantores" e "O gaitero verde".
Co último traballo, que conta co patrocinio da empresa R e que leva por título "Lei Natural", un audio-vídeo de carácter documental, Xavier Blanco regresa á súa infancia vital e musical nas Illas Cies, ás raíces das que emerxe con pulo incomparable este intérprete único da nosa tradición.
Vexa aquí o fondo videográfico coas participacións de Xavier Blanco no Proxecto Polafias.

<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=4>

Actividades

1. Unha vez que leades a súa biografía, pescudade o significado das palabras *intérprete*, *lutier* e *rael*.

.....

.....

.....

2. Reprodúcese un a un os arquivos de vídeo de Xavier Blanco [<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideosPolafiaByReporter.do?id=25>], anotando na columna da esquerda o título da peza e na da dereita os nomes do instrumento ou instrumentos que interpreta:

	Título	Instrumento/s
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		
16		
17		
18		

19		
20		
21		
22		
23		

3. Escollede as dúas das pezas que máis vos gustasen e, tendo en conta a letra que canta e o instrumento que usa Xavier Blanco, explicade en que contextos ou circunstancias se interpretarían:

.....

.....

.....

.....

.....

10. Mestra da Memoria: Josefa Arias Castelo



A principal característica do saber -non a única- que garda na memoria Josefa Arias Castelo, é o de ser herdeira da poesía popular creada polo seu tío, Caetano Arias López. A súa vida, como a do resto das mulleres labregas da súa época, non foi doada. A pesar de reunir condicións para facelo, ao dicir do seu mestre, non tivo oportunidade de estudar, polo que o seu mundo foi a súa parroquia, a súa familia e o orgullo de ser gardadora da memoria do seu tío, o poeta Caetano.

Sección de Literatura de Tradición oral

asociación de escritoras e escritores en lingua galega

ga es en

Polafias

- A Coruña (A Coruña)
- A Estrada (Pontevedra)
- A Fonsagrada (Lugo)
- A Guarda (Pontevedra)
- Arteixo (A Coruña)
- Cabana de Bergantiños (A Coruña)
- Cabreiros-Xermade (Lugo)
- Cerdedo (Pontevedra)
- Cerqueda-Malpica de Bergantiños (A Coruña)
- Ferreiravella-Riotorto (Lugo)
- Figueirido-Vilaboa (Pontevedra)
- Lugo (Lugo)
- Lugo (Lugo)
- Maceda (Ourense)
- Merlán-Chantada (Lugo)
- Moaña (Pontevedra)
- Mondoñedo (Lugo)
- Narla-Friol (Lugo)
- Neda (A Coruña)
- O Couto-Ponteceso (A Coruña)
- Pontedeume (A Coruña)

Mestra da memoria

Josefa Arias Castelo
Santaballa (Vilalba-Lugo), 1921

Datos biográficos:

Josefa Arias Castelo naceu no albor do século XX, o 14 de setembro de 1921, nas terras chairagas de Santaballa, unha das parroquias do Concello de Vilalba. Criouse no seo dunha familia labrega humilde, nunha situación privilexiada como filla vincteira.

Dende moi nena acudiu á escola da Liga, á que asistía cando podía, non cando quería, pois por aquel entón o traballo era moi necesario para sacar a casa familiar adiante.

Xa de moza, casou aos 26 anos con José Bermúdez, máis coñecido como Pepe do Fogaina, co que tivo seis fillos. Un deles morreu ao pouco de nacer, pero conseguiu botar adiante cinco fillos nun contexto nada fácil como foi o da dura posguerra española.

Adicou toda a súa vida ao traballo na labranza e ao coidado das vacas que proporcionaban a pouca riqueza daqueles días.

Aos seus 90 anos lembra con certa aforanza a escola daquela época, recoñece que lle gustaba moito asistir porque lle gustaba estudar, pero a miseria daquela época non permitía que a educación fose primordial para as familias campesiñas do momento.

Lembra unha anécdota da súa etapa final na escola, cando o seu mestre Don Antonio Quintela Ferreiro foi visitar persoalmente a seus pais para recomendarlles *"que seguisen estudando á súa filla porque era unha pena botar a perder unha nena tan intelixente"*. E evidente que seus pais non puideron cumprir aquel consello, por razóns económicas pero tamén porque non desexaban quedar sós. Eran outros tempos e primaban outros valores.

Josefa foi unha muller loitadora que co seu suor e o do seu home logrou sobrevivir o infortunio dos tempos que lle tocou vivir.

Como boa santaballese, móstrase orgullosa de nacer nunha das parroquias máis prósperas da contorna, loada polo seu tío poeta Caetano Arias López, ao que tamén alaba por seren un dos cantores da Terra Chá de principios do século XX, que deixou un importante legado poético para a posteridade.

Caetano foi un dos poetas populares máis prolíficos da provincia de Lugo. A súa obra é intimista, social e, sobre todo, popular, reflexo da Santaballa dos primeiros anos do século pasado na que deixou fonda pegada a emigración a América. Boa testemuña delo é a construción da escola habaneira sufragada integramente polos veciños da parroquia, emigrados e non emigrados, que ansiaban un futuro mellor para as xeracións

<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowMestre.do?id=3>

Actividades

1. Despois de lerdes con calma a biografía, interpretade o significado das expresións *filla vinculeira* e *escola habaneira*, e explicade o que significan aplicadas ao caso de Josefa Arias Castelo:

.....

.....

.....

.....

2. Un dos traballos máis duros que había antigamente nas aldeas era o da malla. Lede en voz alta a transcripción deste poema que recita Josefa Arias, escrito polo seu tío, e logo explicade de que trata:

A máquina de mallar

Mestra: Josefa Arias Castelo

Xénero: Poesía popular



<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=620>

.....

.....

.....

.....


.....

3. Escoitade o recitado deste “Encima de mel, filloas”, un poema escrito por Caetano Arias. Se o facedes con atención veredes como de cando en cando se escoita outra voz, (neste caso, a dun dos seus fillos), que axuda a súa nai cando algún verso non lle vén á memoria. Explicade brevemente cal foi o proceso de transmisión deste poema:

Encima de mel, filloas

Mestra: Josefa Arias Castelo

Xénero: Poesía popular



<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=627>

.....

.....

.....

.....

.....

11. Mestre da Memoria: Emilio do Pando



Emilio Pérez Álvarez, *Emilio do Pando*, fixo de case todo na súa vida, pero sempre estivo atento á música popular. O seu grande, enorme, mérito foi contribuír ao rescate dun instrumento tradicional xa en desuso: a trompa. O seu maxisterio serviu para que outros músicos e músicas máis novos/as soubesen del e aprendesen a tocalo.

Sección de Literatura de Tradición oral

asociación de escritoras e escritores en lingua galega

ga es en

Polafias

- A Coruña (A Coruña)
- A Estrada (Pontevedra)
- A Fonsagrada (Lugo)
- A Guarda (Pontevedra)
- Arteixo (A Coruña)
- Cabana de Bergantiños (A Coruña)
- Cabreiros-Xermade (Lugo)
- Cerdedo (Pontevedra)
- Cerqueda-Malpica de Bergantiños (A Coruña)
- Ferreiravella-Riotorto (Lugo)
- Figueirido-Vilaboa (Pontevedra)
- Lugo (Lugo)
- Lugo (Lugo)
- Maceda (Ourense)
- Merlán-Chantada (Lugo)
- Moaña (Pontevedra)
- Mondoñedo (Lugo)
- Narla-Friol (Lugo)
- Neda (A Coruña)
- O Couto-Ponteceso (A Coruña)
- Ponteume (A Coruña)

Mestre da memoria

Emilio do Pando
Lugar do Pando, Cuiñas (A Fonsagrada), 1932

Datos biográficos:

Emilio Pérez Álvarez, *Emilio do Pando*, naceu no lugar do Pando, parroquia de Cuiñas, concello da Fonsagrada (Lugo) un 27 de febreiro de 1932. Foi o máis cativo de dez irmáns, criados nunha casa con moitas necesidades pero tamén alegre e con tradición musical. Seu pai tocaba a frauta traveseira, e un seu irmán era tocador de trompa. Ademais, a casa natal foi lugar de reunión onde se celebraron moitas polavilas. A primeira memoria que ten da música e dos músicos da Fonsagrada é de cando andaba polos dous anos e medio: foi daquela cando quedou impresionado pola música do *Chocolateiro*, un gaitero dezanove anos maior, que el recorda tocando algunha peza coa súa gaita para amenizar, entre os monillos, os descansos da sega do trigo.

No transcorrer da vida, ademais de músico, foi xastre, comercial de electrodomésticos, carteiro por vinte e cinco anos, activista social, político e cultural, e ata presidente dun club de fútbol. Mestre de músicos, semente e salvagarda -con outros nomes míticos da comarca- da conservación da trompa ata a actualidade.

Emilio do Pando participou na creación e colaborou decisivamente no acrecentamento de fondos do Museo Etnográfico da Fonsagrada, unha institución fundamental na realidade cultural actual daquel concello. Tamén foi dirixente e formador doutro colectivo cultural da Fonsagrada, a Asociación "Antaruxas e Sorteiras" fundada en 1979, agrupación responsable da profunda tradición que atesoura aquela comarca no referente á música e baile tradicionais.

Emilio do Pando é gaitero e tocador de trompa de formación autodidacta. Tiña facilidade para aprender dos vellos gaiteros e trompeiros, aos que lembra con admiración e gratitude. Formou varios grupos musicais que amenizaron centos de festas e romaxes por case todo o país. É un dos músicos populares galegos que, xunto ao seu paisano e amigo Herminio Villaverde, participaron no disco *La Voz Antigua*, unha gravación de SONIC, S. A. en 1980. E tamén, momentaneamente, foi actor na película *Tierra del Fuego*, un filme gravado en parte na Fonsagrada, dirixido por Manuel Littin, no que compartiu cartel con Uxía Blanco, Nancho Novo, Ornella Muti e Jorge Perugorria.

Xa na madurez, recoñecida por fin a súa mestría máis alá da súa terra natal, foi convidado a impartir numerosos obradoiros e a participar en múltiples concertos con grupos de tanto renome como Luar na Lubre ou Milladoiro. Tributarónselle numerosas e moi merecidas homenaxes. Unha das súas alegrías e ilusións é ver como o seu sobriño-neto, Daniel Pando, se convertiu nun digno continuador da tradición dos tocadores de trompa da Fonsagrada e de toda a Terra de Burón.

Actividades

1. Des que leades a biografía de Emilio do Pando, buscade e explicade o significado de *autodidacta* e *trompa*. Logo procurade todos os sinónimos que poidades destas palabras:

.....

.....

.....

.....

.....

2. Facede unha listaxe dos pasatempos, oficios ou profesións nos que se ocupou Emilio do Pando ao longo da súa vida:

.....

.....

.....

.....

.....

3. Neste vídeo, Emilio explica como foi o seu achegamento á trompa, e como aprendeu a tocala. Contade nestas liñas o que vos parece máis relevante do que di:

2 Emilio do Pando: o mestre da trompa

Mestre: Emilio do Pando

Xénero: Memoria oral

Clasificación tipolóxica: Memorias persoais



<http://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=770>

.....

.....

.....

.....

12. Mestres e Mestras reunidos/as

1. Unide cada Mestre ou Mestra coa calidade que mellor lle acae:

Manuela Cortizo
Ángel Rivas Veiga
Elba Requeijo Barro
Xavier Blanco
Josefa Arias Castelo
Emilio do Pando

Instrumentos pobres
Recuperación da trompa
Memoria do seu tío
Boa memoria
Boa voz
Contos maravillosos

2. Situada neste mapa de Galicia os lugares onde residen os nosos Mestres e Mestras da Memoria. Escribide o seu nome onde corresponda.



3. Agora que xa coñecedes as áreas xeográficas de residencia dos Mestres e Mestras da Memoria, facede unha síntese das características dialectais da fala de cada un/unha. Se o considerades necesario, escoitade de novo algunha das súas gravacións:

Manuela Cortizo	
Ángel Rivas Veiga	
Elba Requeijo Barro	
Xavier Blanco	
Josefa Arias Castelo	
Emilio do Pando	

4. A que ámbito ou ámbitos do Patrimonio Cultural asociarías cada un dos nosos Mestres e Mestras da Memoria? Podes escribir máis dun nome en cada recadro e asociar cada nome a varios ámbitos:

1. Tradicións e expresións orais	
2. Artes do espectáculo.	
3. Usos sociais, rituais e actos festivos	
4. Coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo.	
5. Técnicas artesanais tradicionais	
6. Gastronomía, elaboracións culinarias e alimentación.	
7. Aproveitamentos específicos das paisaxes naturais.	

13. Ficha para identificar *Mestres ou Mestras da Memoria* na túa contorna

Para rematar, propoñémosvos que tratedes de descubrir un Mestre ou Mestra da Memoria na vosa contorna; mesmo pode ser alguén da vosa familia ou da veciñanza que reúne, ao voso criterio, méritos parecidos.

Nalgún momento podedes ter ocasión de defender diante do resto da aula ou noutro ámbito a súa candidatura para ser elixido/a *Mestra/a da Memoria*.

FICHA

1.-IDENTIFICACIÓN DA/O MESTRA/E QUE SE PROPÓN

Completa só as casiñas dos campos correspondentes ao tipo de candidatura que opta.

Apelidos:	
Nome:	
Sexo: ☐ Feminino ☐ Masculino	
Data de nacemento:	
Teléfono (s) de contacto:	
Correo electrónico:	
Localización	
Provincia:	Concello:
Localidade:	
Enderezo:	
Sinopse biográfica:	

2.- ÁMBITO DO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL (PCI)

Destacar e identificar un ou máis ámbitos do PCI e escribir na columna de esquerda o nome específico da especialidade, manifestación ou coñecemento

Ámbitos PCI	Nome da especialidade, manifestación ou coñecemento
a) Tradicións e expresións orais	
b) Artes do espectáculo	
c) Usos sociais, rituais e actos festivos	
d) Coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo	
e) Técnicas artesanais tradicionais	
f) Gastronomía, elaboracións culinarias e alimentación	
g) Aproveitamentos específicos das paisaxes naturais.	
h) Formas de socialización colectiva e organización	
i) Manifestacións sonoras, música e danza tradicional	

3.-IDENTIFICACIÓN DO/A PROPOÑENTE

Apelidos:

Nome:

Sexo: ☐ Feminino ☐ Masculino

Teléfono(s) de contacto:

Correo electrónico:

Medidas máis urxentes que propós para salvagardar o saber deste Mestre ou Mestra:

Que tipo de acto consideras máis axeitado para facerlle un recoñecemento:

Anexo



United Nations
Educational, Scientific and
Cultural Organization

Organisation
des Nations Unies
pour l'éducation,
la science et la culture

Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura

Организация
Объединенных Наций по
вопросам образования,
науки и культуры

منظمة الأمم المتحدة
للترقية والعلم والثقافة

联合国教育、
科学及文化组织

Directrices para a creación de sistemas nacionais de "Tesouros Humanos Vivos"

Tradución ao galego feita pola AELG

I. Introducción

1. Contexto
2. Definicións
3. Obxectivos

II. Elementos para a creación de sistemas nacionais de "Tesouros Humanos Vivos"

1. Disposicións legais
2. Identificación
3. Comisión de expertos
4. Criterios de selección
5. Número de nomeamentos
6. Recoñecemento e recompensas para os designados
7. Revogación do título

III. Medidas para unha salvagarda sustentábel

1. Transmisión
2. Documentación
3. Promoción

IV. Asistencia para a creación de sistemas nacionais de "Tesouros Humanos Vivos"

Contacto :

Sra. Françoise Girard - Sección do patrimonio inmaterial.

Correo electrónico : f.girard@unesco.org

Tel. : 00 33 (0) 1 45 68 38 77 / Fax : 00 33 (0) 1 45 68 57 52

Unha tradición verdadeira non é a testemuña dun pasado caduco; é unha forza viva que anima e informa o presente. Lonxe de implicar a repetición do que foi, a tradición supón a realidade do que perdura. É como un ben de familia, un patrimonio que se recibe a condición de facelo frutificar antes de transmitilo a os descendentes ¹.

Igor Stravinsky, *Poética musical*, París, 1952

I. Introducción

1. Contexto

(i) A importancia do patrimonio cultural inmaterial, así como a da súa salvagarda, é amplamente recoñecida pola comunidade mundial, como demostra o feito de que a Conferencia Xeral da UNESCO adoptase, en outubro de 2003, a Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial. Segundo o Artigo 2 desta Convención, o patrimonio cultural inmaterial infunde ás comunidades, grupos e individuos un sentimento de identidade e de continuidade, mentres que a súa salvagarda é garantía de creatividade. Con todo, unha gran parte dos coñecementos e técnicas asociadas á música, danza, teatro e artesanía tradicional atópanse en perigo de desaparición debido á diminución do número de quen as practican, o desinterese crecente dos mozos e a falta de fondos.

(ii) Unha importante medida preliminar para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial consiste en asegurar a súa identificación confeccionando e actualizando regularmente un ou varios inventarios nacionais (Cfr. Artigo 12 da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial).

(iii) No entanto, ademais desta primeira etapa de identificación, un dos medios máis eficaces para levar a cabo a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial consiste en garantir que os depositarios de devandito patrimonio prosigan co desenvolvemento dos seus coñecementos e técnicas e as transmita ás novas xeracións.

(iv) Desde esta dobre perspectiva, convén identificar os depositarios do patrimonio cultural inmaterial, e algúns serán recoñecidos mediante unha distinción oficial e incitados a seguir desenvolvendo e transmitindo os seus coñecementos e técnicas. Esta é a razón pola que a UNESCO propón que os Estados Membros establezan sistemas nacionais de "Tesouros Humanos Vivos".

(v) En 1993 a República de Corea propuxo ao Consello Executivo da UNESCO a creación dun programa chamado "Tesouros Humanos Vivos", e o Consello adoptou una decisión na que se convidaba os Estados Membros a establecer eses sistemas nos seus respectivos países. Desde entón, organizáronse varias reunións e obradoiros internacionais con vistas a divulgar o concepto e alentar o establecemento de sistemas nacionais.

¹ Tradución non oficial.

2. Definicións

(i) Os *Tesouros Humanos Vivos* son individuos que posúen en sumo grao os coñecementos e técnicas necesarias para interpretar ou recrear determinados elementos do patrimonio cultural inmaterial.

Corresponde a cada Estado Membro escoller un título adecuado para designar os depositarios de coñecementos e técnicas, sendo indicativo o título de “Tesouro Humano Vivo” proposto pola UNESCO. Entre os sistemas existentes hai xa unha gran variedade de títulos: Mestre Artista (Francia), Depositario da Tradición de Artes e Oficios Populares (República Checa), Tesouro Nacional Vivo (República de Corea), Depositario dun Ben Cultural Inmaterial Importante (Xapón e República de Corea).

(ii) O *patrimonio cultural inmaterial*, ou patrimonio vivo, inclúe os usos e expresións, xunto cos coñecementos, técnicas e valores que lles son inherentes, que as comunidades e grupos recoñezan como parte integrante do seu patrimonio cultural.

Este patrimonio transmítese de xeración en xeración, principalmente de maneira oral. É recreado constantemente en resposta aos cambios na contorna social e cultural. Infunde aos individuos, aos grupos e ás comunidades un sentimento de identidade e continuidade e constitúe unha garantía de desenvolvemento sustentábel.

(iii) O *patrimonio cultural inmaterial* maniféstase en particular nos *ámbitos* seguintes (artigo 2.2), coa excepción de que as expresións do patrimonio cultural inmaterial poden pertencer simultaneamente a varios destes ámbitos:

- (a) tradicións e expresións orais, incluído o idioma como vehículo do patrimonio cultural inmaterial;
- (b) artes do espectáculo;
- (c) usos sociais, rituais e actos festivos;
- (d) coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo;
- (e) técnicas artesanais tradicionais.

(iv) Enténdese por **salvagarda** do patrimonio cultural inmaterial (artigo 2.3):

“As medidas encamiñadas a garantir a viabilidade do patrimonio cultural inmaterial, comprendidas a identificación, documentación, investigación, preservación, protección, promoción, valorización, transmisión –basicamente a través do ensino formal e informal– e revitalización deste patrimonio nos seus distintos aspectos.”

3. Obxectivos

(i) O primeiro propósito do establecemento de sistemas nacionais de Tesouros Humanos Vivos é preservar os coñecementos e as técnicas necesarios para a representación, execución ou recreación de elementos do patrimonio cultural inmaterial de gran valor histórico, artístico ou cultural.

(ii) No marco do sistema, á parte do recoñecemento público adóptanse medidas, por exemplo, en forma de axudas ou subvencións especiais a favor dos Tesouros Humanos Vivos, de maneira que poidan asumir as súas responsabilidades na salvagarda do patrimonio cultural inmaterial que lles corresponda. Estas medidas tratan sobre todo de lograr:

1. a perpetuación e o perfeccionamento dos seus coñecementos e técnicas;
2. a transmisión dos seus coñecementos e técnicas ás novas xeracións mediante programas de formación formal ou informal;
3. a contribución á produción de documentos e arquivos do patrimonio cultural inmaterial en cuestión (gravacións audio ou vídeo, publicacións, etc.)
4. a difusión dos seus coñecementos e técnicas;
5. calquera outra misión que puidese serlles encomendada.

(iii) O sistema debería alentar tamén á mocidade a adquirir os coñecementos e as técnicas requiridos para interpretar ou recrear elementos do patrimonio cultural inmaterial, proporcionándolles o recoñecemento e a audiencia do público a escala comunitaria, nacional ou internacional.

II. Elementos para a creación de sistemas de Tesouros Humanos Vivos

1. Disposicións legais

(i) Os Estados Membros que desexen establecer sistemas de Tesouros Humanos Vivos deberán dotarse dos mecanismos de xestión adecuados ás particularidades e circunstancias nacionais. Non se pode recomendar un só método. En efecto, as diferentes tradicións xurídicas fan que a elección do texto co que se establece o sistema de Tesouros Humanos Vivos varíe dun país a outro. Por exemplo, non é necesario que a forma xurídica de creación dun sistema deste tipo teña que ser a aprobación dunha lei: poderían crearse grazas a medidas administrativas xa sexa tomadas por un ministerio no marco das súas atribucións xerais, ou ben a través dunha organización non gobernamental, subvencionada ou non polo Estado.

(ii) Recoméndase que as disposicións deste tipo, que constitúen a base institucional do sistema, vaian acompañadas dunha participación activa das comunidades, grupos e individuos. En efecto, aínda que para a posta en práctica deste sistema no plano institucional necesítanse disposicións gobernamentais, debe terse en conta a participación e consulta das comunidades, grupos e individuos para asegurar unha boa posta en marcha deste sistema en todas as súas etapas (identificación e selección dos ámbitos do patrimonio cultural inmaterial así como dos seus depositarios, formación, promoción e outras medidas de salvagarda). Remítese a este respecto ao artigo 15 da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial que estipula que "cada Estado Parte tratará de lograr unha participación o máis ampla posíbel das comunidades, os grupos e, se procede, os individuos que crean, manteñen e transmiten ese patrimonio e de asocialos activamente á xestión do mesmo".

2. Identificación

(i) Unha vez tomada a decisión de introducir o sistema de Tesouros Humanos Vivos, é necesario determinar que elementos do patrimonio cultural inmaterial serán afectados a nivel nacional e local, e identificar os seus depositarios, entre os cales se poderá seleccionar os futuros candidatos ao título de Tesouro Humano Vivo. Como testemuñan as experiencias realizadas en varios países, hai diferenzas considerábeis entre as decisións tomadas polos Estados Membros.

(ii) Por conseguinte, aínda que un sistema deste tipo debería ser concibido preferibelmente para ser aplicado a todos os ámbitos do patrimonio cultural inmaterial de todas as comunidades, pode non cubrir necesariamente todos os aspectos do patrimonio cultural inmaterial nin a totalidade das comunidades nin do territorio. A aplicación do dispositivo propiamente dito depende do que cada Estado Membro desexe e poida lograr e non debería estar excesivamente condicionada polo que se fixo noutras partes. Existe, pois, un determinado número de dispositivos e enfoques posíbeis, entre os cales cabe mencionar:

1. o sistema pode limitarse n súa aplicación a un ou varios ámbitos do patrimonio cultural inmaterial (ver os ámbitos no capítulo I. 2. (iii) máis arriba);
2. pode quedar circunscrito a unha ou varias comunidades ou rexión dun Estado Membro;
3. un sistema pode ser modificado tras o seu establecemento para adaptarse mellor a diferentes aspectos da cultura dun Estado Membro.

(iii) No que respecta ao labor de identificación, non existe un método único. Neste aspecto, o Artigo 12 da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial precisa que *para asegurar a identificación con fins de salvagarda, cada Estado Parte confeccionará consonte a súa propia situación un ou varios inventarios do patrimonio cultural inmaterial presente no seu territorio.*

3. Comisión de expertos

(i) Para tomar as disposicións adecuadas, é aconsellábel crear un organismo en forma de comisión de expertos. Recoméndase que este organismo dependa dunha estrutura institucional competente na salvagarda do patrimonio cultural inmaterial. Se xa existe unha estrutura deste tipo, non é necesario crear outra. Remítese neste punto ao Artigo 13 da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial que convida os Estados Partes a designar ou crear un ou varios organismos competentes para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial presente no seu territorio.

(ii) Os expertos que forman a Comisión poden ser funcionarios, investigadores no ámbito do patrimonio cultural inmaterial, depositarios de coñecementos e técnicas, representantes das comunidades, autoridades locais ou asociacións. Sería conveniente que estivese asistida por unha Secretaría da que podería encargarse a estrutura institucional da que dependa (ver (i) máis arriba).

En caso de necesidade, pode recorrer a expertos exteriores para a selección e avaliación das candidaturas.

(iii) A súa primeira misión é determinar os aspectos do patrimonio cultural inmaterial que deben ser identificados ou designados de maneira prioritaria para a súa salvagarda. Debe quedar claro que o establecemento de prioridades non significa en absoluto restar importancia a outros elementos do patrimonio cultural inmaterial.

(iv) A Comisión pode basearse no coñecemento e a pericia dos seus membros á hora de propor os nomeamentos. Sen embargo, é preferíbel crear un sistema grazas ao que se poida orientar a atención da Comisión cara ás persoas elixíbeis. Esta podería solicitar ás comunidades e instancias afectadas que lle fagan recomendacións periodicamente. As candidaturas tamén poderán ser presentadas espontaneamente por individuos, as comunidades correspondentes, institucións, organizacións non gobernamentais ou calquera outra instancia. Todas as candidaturas deberán prepararse en estreita coordinación cos depositarios da tradición en cuestión e serán presentadas en expedientes documentados; ningunha decisión sobre os depositarios e das súas tradicións debería tomarse sen o seu consentimento.

(v) Recoméndase presentar as dúas formas de candidatura seguintes:

1. Candidatura individual

Convén presentar persoas que posúan individualmente en sumo grao os coñecementos e técnicas necesarios no ámbito correspondente do patrimonio cultural inmaterial.

2. Candidatura colectiva

En certos tipos de patrimonio cultural inmaterial é preferíbel presentar a candidatura dun grupo de individuos que posúan e/ou exerzan colectivamente os coñecementos ou as técnicas pertinentes. Isto pode ser apropiado por exemplo no caso das artes do espectáculo ou das artes aplicadas, cando a interpretación dun grupo se considera máis importante que o papel dun individuo.

(vi) Tras o exame dos expedientes de candidatura, a Comisión de expertos ten a obriga de propoñer ao ministro ou á autoridade que corresponda, para que proceda ao nomeamento, unha lista de persoas que posúen en grao sumo coñecementos e técnicas nun determinado ámbito, utilizando como referencia os criterios establecidos sobre a base dos que se definen no parágrafo 4 (ii), máis adiante. Na maioría dos casos, o ministro toma as decisións finais relativas ás eleccións dos Tesouros Humanos Vivos, pero esta función pode asumila outra instancia, dependendo da estrutura administrativa de cada Estado Membro.

(vii) Corresponde á Comisión facer o seguimento continuo da evolución dos Tesouros Humanos Vivos. Trátase sobre todo de asegurarse de que estes seguen asumindo as súas responsabilidades e, se é necesario, contribuír a garantir as condicións necesarias para que sigan facéndoo. (Véxase III: Medidas para unha salvagarda sustentábel).

4. Criterios de selección

(i) Elementos do patrimonio cultural inmaterial

Conviría que os Estados Membros, ao elixir un elemento ou un ámbito do patrimonio cultural inmaterial para a súa salvagarda mediante o sistema de Tesouros Humanos Vivos, tivesen presentes os criterios seguintes, que poderán ser desenvolvidos e/ou completados por outros:

- o seu valor en tanto que testemuña do xenio creador humano;
- o seu arraigamento nas tradicións culturais e sociais;
- o seu carácter representativo dunha comunidade ou un grupo determinados;
- o risco de desaparición.

(ii) Os Tesouros Humanos Vivos

Ao elevar unha persoa ou un grupo á categoría de “Tesouro Humano Vivo”, a Comisión debería considerar os criterios seguintes como requisitos para a designación:

- a excelencia na aplicación dos coñecementos e as técnicas demostrados;
- o plena dedicación da persoa ou do grupo;
- a súa capacidade para seguir desenvolvendo os seus coñecementos e técnicas;
- a súa capacidade para transmitilos aos que se formaron.

Ademais destes criterios e requisitos para a designación, sería conveniente tamén definir uns criterios claros para o mantemento no sistema e tamén para a exclusión del mesmo (ver 7, máis adiante).

5. Número de nomeamentos

As limitacións orzamentarias poden reducir o número de nomeamentos, ou ben se poden impor restricións ás candidaturas co fin de manter o carácter excepcional do título de “Tesouro Humano Vivo”. As cuestións relativas á representación de grupos ou de comunidades rexionais ou locais tamén poden ter a súa importancia. A este respecto, será importante que se publiquen oficialmente as restricións que vaia a aplicar a Comisión, incluído o número máximo de nomeamentos por ciclo simple.

6. Recoñecemento e recompensas para os designados

(i) A maior honra para un Tesouro Humano Vivo é o seu recoñecemento público. Neste sentido, debería outorgárselle unha distinción no curso dunha cerimonia oficial presidida por un dignatario de alto rango, con entrega dun emblema distintivo (medalla, diploma, etc.), de preferencia asociado

a un programa de actividades no que se indique e se celebre o ámbito do patrimonio cultural polo cal foi nomeado.

(ii) No entanto, á parte deste recoñecemento oficial outorgado aos Tesouros Humanos Vivos, a finalidade da creación dun sistema deste tipo é garantir a transmisión dos coñecementos e técnicas cuxa práctica dominan estes depositarios, así como a perpetuación da expresión do patrimonio cultural inmaterial correspondente.

(iii) Por este motivo, tamén se deberían tomar en consideración as recompensas financeiras con obxecto de incitar os Tesouros Humanos Vivos a asumir as súas responsabilidades en materia de transmisión, documentación e promoción (ver o capítulo III, máis adiante). Tamén poden concederse vantaxes aos aprendices.

(iv) As vantaxes financeiras poderían outorgarse en forma dunha suma global, ou ben en remuneracións anuais ou mensuais. Esas remuneracións deberían ser variábeis en función das necesidades ou dos ingresos que percibe o Tesouro Humano Vivo. Por outra banda, podería ser oportuno exonerar de impostos os ingresos percibidos polo Tesouro Humano Vivo.

(v) Os Estados Membros poden proporcionar aos Tesouros Humanos Vivos unha axuda financeira para executar ou crear elementos específicos do patrimonio cultural inmaterial. Isto pode consistir sobre todo na subministración de materias primas ou tamén de equipo e de material cando os gastos de construción e de funcionamento de obradoiros, centros de formación, etc., sexan elevados.

(vi) Pódense tomar en consideración outras formas de recompensa en función da estrutura social de cada Estado Membro. Por exemplo, cando non existan servizos de saúde pública, resultaría de gran utilidade garantir a cobertura para tratamentos médicos ou hospitalarios.

7. Revogación do título

Corresponde á Comisión recomendar a revogación da designación dun Tesouro Humano Vivo tras previa consulta co Ministro de Asuntos Culturais ou calquera outra instancia competente. Os motivos desta revogación poden ser enunciados nun código deontolóxico relativo ao exercicio da especialidade pola que o laureado foi designado. Estes motivos poden ser variados, pero os máis probábeis parecen os seguintes:

- (i) o interesado non cumpre as funcións que lle foron encomendadas;
- (ii) non responde xa aos criterios que presidiron a súa designación.

En resumo, para introducir un sistema nacional de Tesouros Humanos Vivos recoméndase adoptar a formulación seguinte:

1. definir as modalidades da súa introdución en disposicións legais ou regulamentarias;
2. decidir o alcance do dispositivo proposto, é dicir, se o sistema debe aplicarse a un, varios ou todos os ámbitos do patrimonio cultural inmaterial, a escala nacional, ou ben se se debe restrinxir a grupos ou comunidades específicos ou mesmo a unha rexión determinada.
3. identificar, por medio de inventario(s), os elementos do patrimonio cultural inmaterial que deben ser salvagardados, así como os seus depositarios;
4. crear unha Comisión de expertos para:
 - formular recomendacións relativas a os elementos do patrimonio cultural inmaterial que deben ser salvagardados;
 - estudar as candidaturas dos depositarios de coñecementos e técnicas neses ámbitos;
 - recomendar, para a decisión final, sobre a base dos criterios de selección establecidos, os candidatos ao título de Tesouro Humano Vivo;
 - facer que se revoguen as designacións se houberse motivos para iso;
 - seguir atentamente a evolución da posta en marcha do sistema dos Tesouros Humanos Vivos;
 - medir os efectos da posta en marcha do sistema no relativo á transmisión dos coñecementos e técnicas e a súa viabilidade e, se fose necesario, adaptar o sistema.

Co fin de facilitar a posta en marcha do sistema de Tesouros Humanos Vivos, poderá resultar útil elaborar unha guía que precise sobre todo o título e a definición dos Tesouros Humanos Vivos, os criterios de selección, o formulario de candidatura, os prazos de presentación de candidaturas, as modalidades de exame por parte da Comisión de expertos, o calendario de tratamento de candidaturas, o número máximo de designados cada ano, a data de proclamación dos resultados, e os dereitos e obrigacións dos designados.

III. Medidas para unha salvagarda sustentábel

1. Transmisión

Unha formación adecuada, xa sexa en institucións de educación formal ou a través dun sistema de aprendizaxe directa e tradicional de mestre a discípulo resulta esencial para asegurar que os coñecementos e as técnicas se transmiten dos Tesouros Humanos Vivos ás xeracións máis novas. A este respecto, os Estados Membros poderán, se é necesario, en colaboración cos organismos competentes, encargarse de ofrecer programas de formación eficaces brindando asistencia técnica e financeira aos Tesouros Humanos Vivos (ver o capítulo II. 6 (iii) a (v) máis arriba). Esta formación enmárcase no espírito do Artigo 14 da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, que convida os Estados Membros a pór en marcha programas educativos e de formación específicos nas comunidades e grupos interesados (parágrafo (a) apartado (ii)) así como medios non formais de transmisión do saber (parágrafo (a) apartado (iv)).

2. Documentación

(i) Corresponderá aos Estados Membros, en colaboración cos organismos competentes e institucións de documentación, reunir a documentación apropiada sobre os coñecementos e as técnicas empregadas polos Tesouros Humanos Vivos recorrendo a todos os métodos dispoñíbeis (coleccións, catálogos, transcricións, etc.). Este punto queda establecido no Artigo 13 (d) da Convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, que alenta os Estados Membros a *adoptar as medidas de orde xurídica, técnica, administrativa e financeira adecuadas para [...] crear institucións de documentación sobre o patrimonio cultural inmaterial e facilitar o acceso a elas.*

(ii) Ademais, para aplicar estas medidas, tamén se recomenda a confección de inventarios de institucións, sistemas de arquivo e documentación, museos ou departamentos etnográficos, museos existentes que teñan relación co patrimonio cultural inmaterial, así como impartir formación a coleccionistas, arquiveiros, documentalistas e outros especialistas.

3. Promoción

Os Estados Membros, en colaboración cos organismos competentes, deberían garantir a sensibilización continua do público sobre a importancia do patrimonio cultural inmaterial e a súa salvagarda, o que comporta o seguinte:

- (i) unha acción de sensibilización e promoción a través da organización regular de representacións, demostracións, exposicións, etc. Deste xeito lograrase o apoio público, os Tesouros Humanos Vivos veranse estimulados a practicar e desenvolver os seus coñecementos e técnicas, e os aprendices das novas xeracións disporán de oportunidades de enriquecer as súas experiencias;
- (ii) a concesión de subvencións que permitan a investigación e a edición de documentos impresos, audio, vídeo e multimedia relacionados co patrimonio cultural inmaterial correspondente e os seus depositarios;
- (iii) a introdución do patrimonio cultural inmaterial nos programas de educación.

IV. Asistencia para a creación de sistemas nacionais de “Tesouros Humanos Vivos”

1. A UNESCO facilitará, sempre que sexa posíbel, asistencia financeira e/ou técnica para axudar os Estados Membros na creación dun sistema de Tesouros Humanos Vivos mediante os fondos do seu Programa de Participación e das contribucións extrapresupostarias dos Estados Membros, á parte do financiamento co orzamento ordinario da Organización.
2. Tendo en conta a próxima entrada en vigor da Convención para o Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, os programas deberían ser concibidos en conformidade coas medidas nacionais de salvagarda que desenvolverán os Estados Membros para aplicar a Convención. A UNESCO podería brindar a súa asistencia financeira e técnica para a identificación dos Tesouros Humanos Vivos e para a posta en marcha das actividades de transmisión por parte destes, como formación, documentación das técnicas e os coñecementos, así como a promoción.